



## NOTA INFORMATIVA: FINAL DE CURSO 2022 – 2023

Xoan Carlos Barbosa Fernández, director do CEIP Antonio Blanco Rodríguez, pon en coñecemento de todos os pais-nais a seguinte información:

- As actividades lectivas para Educación Infantil e Educación Primaria rematan o mércores, **día 21 de xuño de 2023**. Ese mesmo día a partir das 16:00h recibiran as notas académicas do alumnado a través da aplicación **abalar móbil**.

### Fin de curso – graduacións:

- O **luns, 19 de xuño de 2023**, terá lugar a partir das 10:10 horas, no comedor do colexio, a **graduación dos alumnos/as de 5 anos e a graduación dos alumnos/as de 6º de E. Primaria**. Toda a comunidade educativa está invitada a estas actividades, especialmente os papás e mamás do alumnado graduado.

### Fin de curso – festa de fin de curso e comida da Comunidade Educativa:

- O **mércores, 21 de xuño de 2023**, terá lugar a partir das 10:05h a **festa de fin de curso** organizada pola ANPA.

De 10:05h a 10:45h teremos un pase da Banda de Música Cultural de Mondariz.

A partir das 10:50h nas pistas polideportivas do cole, por parte da empresa Brinca & Emusin, S.L. desenvolveranse as seguintes actividades:

- Posto de Obradoiro para a creación de chapas
- Posto Hama Beads
- Contacontos e animación musical
- Tómbola
- Scape Room para os nenos a partir de nove anos

O remate da mesma será aproximadamente as 13:30h – De 13:30h a 14:00h Tempo de lecer.

A partir das 14:00h teremos na terraza cuberta do centro a comida de fin de curso da Comunidade Educativa estando convidados á mesma os papás e as mamás do alumnado do centro.

A partir das 15:15h nas titorías terán lugar as reunións de fin de curso dos titores/as cós pais/nais do alumnado.

### Xornal A Nosa Voz:

- Publicarase o xornal escolar "**A Nosa Voz 2023**". [En formato pdf na páxina web do centro] a partir do venres, 16 de xuño de 2023.

### Libros de texto e material escolar:

- Dende hoxe, está exposto en formato pdf na páxina web do centro en Taboleiro / Libros de Texto, o **listado de libros de texto e material** para o vindeiro curso 2023 - 2024.

- A *venta de libros e material escolar por parte da A.N.P.A* realizarase no local que ten no Colexio, os primeiros días de setembro de 2023 (Concretaranse datas e horarios). Será imprescindible a **reserva antes do 14 de xullo de 2023** mandar unha mensaxe a través de **WhatsApp** aos números: 609.654.611 – (Ana Belén) ou 659.455.828 – (Maruxa), ou mediante o e-mail: [anpaceipantonioobr@gmail.com](mailto:anpaceipantonioobr@gmail.com)



*Para Educación Infantil farase a venta de libros e material. Para Educación Primaria farase soamente a venta de libros.*

*Aquelas familias que teñan pensado adquirir os libros de texto nunha librería distinta da A.N.P.A, tendo feita a solicitude de libros de texto e material escolar (vale), deben pasar polo centro **o día 28 de xuño** para recoller os vales da subvención. Os que collan os libros na A.N.P.A non será necesario que veñan ata setembro.*

### **Inicio do próximo curso – recollida de documentos e matrícula:**

- O alumnado de 6º de E. Primaria poderá recoller os **historiais académicos** no centro **o día 23 de xuño**.
- Está previsto o comezo do curso escolar 2023 - 2024 para o luns, día 11 de setembro de 2023, tanto para Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria (instituto). Prestarase servizo de comedor para todo o alumnado do centro, [a excepción do alumnado de 3 anos – período de adaptación], dende o primeiro día de curso e o horario vixente para todo o curso escolar será de 10:00 h a 16:00 h.
- O prazo para formalizar a **matrícula para 1º de E.S.O** nos institutos do Barral, do Val do Tea e no C.P.I de Mondariz é do 23 de xuño ata o 7 de xullo. No caso do instituto do Barral a matrícula ten que ser online.
- O prazo para facer as solicitudes para participar no fondo solidario de libros de texto e axudas para material escolar nos institutos de cara ao o próximo curso remata o 21 de xuño.
- Para calquera dúbida ou aclaración contactar cós seguintes teléfonos:  
Val do Tea - 886110513  
IES do Barral - 986644406  
C.P.I de Mondariz - 886110291

### **Despedida:**

- Aproveito esta ocasión para despedirme de toda a Comunidade Educativa, xa que despois de 33 anos no centro, primeiro como mestre e os últimos 21 como director, chegou o momento da xubilación.
- Agradecer as sucesivas ANPAs que compartiron esta viaxe comigo así como ao Concello de Covelo o seu compromiso e a súa colaboración, o que permitiu acadar ao longo dos anos moitas e importantes melloras tanto organizativas con estruturais.
- Agradecer as cociñeiras, conserxe, coidadoras, persoal de limpeza, monitoras da aula matinal, monitores/as das actividades extra-escolares, ao claustro actual na súa totalidade, á inmensa maioría de profesores/as que pasaron polo centro e xa non están e, especialmente, a todos aqueles profes que asumiron nestes anos responsabilidades na estrutura organizativa e no funcionamento do centro, o seu traballo, o seu compromiso e a súa profesionalidade. Os significativos avances do centro en todos estes anos, segundo a miña opinión, a nivel educativo, dotacional, organizativo.. non houberen sido posible sen todos eles/as.
- Desexarlle a mellor das sortes a nova directora, Carla e ao seu equipo directivo para levar adiante a tarefa que asumirán dende o vindeiro 1 de xullo. Transmitirille á Comunidade Educativa a máxima tranquilidade xa que o cole queda en moi boas mans.

Esperando que [tod@s](#) se atopen ben de saúde.. deséxolles que teñan un feliz verán.

Vémonos na vida, en calquera momento e en calquera lugar. Un milleiro de apertas.

Covelo a 14 de xuño de 2023

Asdo.- O Director

Xoan C. Barbosa Fernández